

FICHA DE INSCRICIÓN:

Nome: _____ Apelidos: _____
NIF: _____ Data de nacemento: _____
Tel: _____ Tel emerxencia: _____
Enderezo: _____
E-MAIL: _____
Ten seguro Federativo: SI (achegar copia) - NON
Alerxias, intolerancias ou outro dato importante para a organización:

INSCRICIÓN DE MENOR DE IDADE (achegar documentación acreditativa da súa condición de nai/pai/titor legal)

_____ con DNI _____, como nai/pai/titor legal, manifesta que posúe a capacidade legal oportuna, o consentimento do/a outro/a proxenitor/a e autoriza, nas condicións e nos termos do presente escrito, a participar a

con DNI _____, menor de idade na ANDAINA CAMIÑO DE SANTIAGO, segundo o regulado nas condicións e termos establecidos pola Organización, sendo responsable do control e das accións que realice.

A persoa asinante autoriza á que a organización o incorpore a un grupo de whatsapp creado única e exclusivamente para a remisión de información, convocatorias e demais aspectos que teñan que ver coa organización e desenvolvemento desta actividade.

A persoa abaixo asinante manifesta expresamente ter lido os termos e condicións establecidos pola organización para a participación nesta andaina e acepta expresamente as mesmas, nomeadamente o documento NORMAS DA ANDAINA-PEREGRINACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO-AA.VV. MONTE DO GOZO

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de _____
Asd:



Contacto:
Asociación de Veciños Monte do Gozo
Rúa da Muiña, 63
Santiago de Compostela
981 56 03 18
info@avmontedogozo.es
www.avmontedogozo.es

FAI O CAMIÑO DE SANTIAGO CON NOS!

A Asociación de Veciños "Monte do Gozo" retoma o proxecto que quedara paralizado como consecuencia da pandemia e volve a organizar a andaina-peregrinación polo Camiño Francés, dirixida a toda a veciñanza, en 7 etapas a realizar desde o mes de outubro de 2023 ata o mes de xuño de 2024.

Trátase dunha actividade deportiva (non é un paseo) con distintos niveis de dificultade, segundo as etapas, polo que compre estar ben preparado, fixándose pola organización tempos de paso en distintos puntos quilométricos e habilitando transporte ata o seguinte punto ou fin da etapa para aquelas persoas que non cumpran eses tempos.



ETAPAS E DATAS

Esta actividade levarase a cabo en 7 etapas, comezando o mes de outubro de 2023 ata o mes de xuño de 2024:

- O Cebreiro-Triacastela (21,8 km): **29 de outubro de 2023**
- Triacastela-Sarria (18 km): **26 de novembro de 2023**
- Sarria-Portomarín (22,20 km): **18 de febreiro de 2024**
- Portomarín-Palas de Rei (25 km): **24 de marzo de 2024**
- Palas de Rei-Arzúa (28 km): **21 de abril de 2024**
- Arzúa-Arca (18,50 km): **26 de maio de 2024**
- Arca-Santiago de Compostela (20,20 km): **16 de xuño de 2024**

INSCRICIÓN

Esta actividade ten un número de prazas limitadas, atendendo á capacidade do autobús.

DATAS DE INSCRICIÓN

As persoas interesadas, poderán inscribirse entre o 25 de setembro e o 8 de outubro, ámbalas datas incluídas presentando ou remitindo o formulario de inscrición (que se acompaña ou que se poderá descargar da web da Asociación ou nos establecementos colaboradores) á Asociación de Veciños. Rúa da Muiña, 63 ou ao enderezo info@avmontedogozo.es

No caso de inscribir a menores de idade, as persoas que as inscriban deberán achegar, xunto coa ficha, a documentación acreditativa da súa condición de nai/pai/titor legal.

As persoas que dispoñan de seguro federativo en vigor, deberán achegar unha copia da licenza federativa xunto coa ficha de inscrición, quedando exento do pagamento do seguro subscrito pola AA.VV.

Na páxina web da Asociación estará dispoñible o documento "NORMAS DA ANDAINA-PEREGRINACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO-AA.VV. MONTE DO GOZO" que é de obrigada lectura para todas aquelas persoas interesadas en participar nesta actividade.

Rematado o período de inscrición, a Asociación porase en contacto coas persoas admitidas para que formalicen a inscrición mediante o pagamento da cota de participación.

O prezo da inscrición é de 50 €. Este pagamento deberá realizarse entre o 11 e o 15 de outubro, ámbalas dúas datas incluídas, no número de conta da asociación que se facilitará ás persoas que obteñan praza.

Rematado este prazo, convocándose pola Asociación unha xuntanza para informar do desenvolvemento da actividade.

QUE INCLÚE A INSCRICIÓN:

- Transporte en autobús de ida e volta en todas as etapas.
- Seguro (as persoas que teñan licenza federativa non aboarán o seguro).
- Credencial a selar.

As persoas participantes deberán levar a comida pois o xantar será nun punto do percorrido.

O punto de saída e de chegada do autobús será a sede da Asociación.